

## SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2020

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas do día dezanove de febreiro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Con data 1 de febreiro de 2020 rexistrouse de entrada, ao número 999/168, unha solicitude a instancia de dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do grupo municipal do Partido Popular, á que achega un escrito asinado, ademais de por ela, polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular don Juan María Abalo Castex, o concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego don Daniel Carballada Rodríguez, o concelleiro do grupo municipal de Alternativa dos Veciños don Raúl Varela Fraguío, a concelleira de Esquerda Unida-Son en Común dona María Olga Santos López e a concelleira de Ciudadanos dona María José García Hidalgo, mediante o que solicitan a convocatoria de pleno extraordinario, cos seguintes asuntos:

1º Comparecencia do señor alcalde para dar as debidas explicacións aos veciños e ao resto da Corporación municipal sobre "por que todos os dereitos económicos sobre o GALAICOI están a nome dunha empresa privada, así como tamén a propia titularidade do nome comercial, e non do Concello de Cambre, como patrimonio de todos os veciños e veciñas."

2º Depuración das responsabilidades políticas que poidan derivarse de tal feito.

3º Información e debate sobre os puntos primeiro e segundo e sobre as medidas que debe adoptar o Concello de Cambre para devolver a cambreses e cambresas a titularidade do GALAICOI.

Con data 6 de febreiro de 2020 tivo lugar unha Xunta de Voceiros extraordinaria na que pola presidencia, logo de consulta coa secretaria municipal, informouse que o punto segundo non contiña proposta concreta respecto da responsabilidade política a esixir, polo que supoñía un defecto de forma. E respecto do terceiro punto, que non procedía incluílo na orde do día, dado que a primeira parte relativa a información e debate dos dous puntos anteriores xa estaba implícito coa inclusión deles na convocatoria, e respecto da segunda parte relativa ás medidas a adoptar para a restitución do dereito ao Concello de Cambre, non era competencia do pleno, senón do alcalde, en virtude da competencia residual, ou no seu caso do órgano que corresponda en virtude da delegación conferida, iso logo da emisión de informes e tramitación do oportuno expediente, de ser o caso.

Concluída a sesión da Xunta de Voceiros, os concelleiros asinantes da solicitude foron notificados da Resolución de Alcaldía núm. 189/2020, pola que se concedía un prazo de dous días hábiles para a emenda da solicitude respecto do punto segundo.

Con data 10 de febreiro de 2020 rexistrouse de entrada ao núm. 999/234, escrito de dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do grupo municipal do Partido Popular, ao que achega escrito asinado, ademais de por ela, polo concelleiro do grupo municipal do PP don Juan María Abalo Castex, o concelleiro do grupo municipal do BNG don Daniel Carballada Rodríguez, o concelleiro do grupo municipal de AV don Raúl Varela Fraguío, a concelleira de EU-Son en Común dona María Olga Santos López e a concelleira de C's dona María José García Hidalgo, no que modifican a redacción do punto segundo da orde do día, que queda redactado: Reprobación do alcalde e do concelleiro responsable de Patrimonio do Concello de Cambre.

Tendo en conta que segundo o artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde ao Pleno como atribución non delegable: "a) O control e a fiscalización dos órganos de goberno.", así como o establecido no artigo 122 do Regulamento orgánico municipal respecto dos medios a través dos que se pode exercer o control e fiscalización, pola Alcaldía municipal ditouse a Resolución núm. 238/2020, do 12 de febreiro, de convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguineo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e dona Patricia María Parceró Quiñoy; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Non asisten, con escusa, don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE, e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona María Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 19 de febreiro de 2020, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_202002191201310000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1. Comparecencia do alcalde para dar as debidas explicacións aos veciños e ao resto da Corporación municipal respecto de:**

**- Por que todos os dereitos económicos sobre o GALAICOI están a nome dunha empresa privada, así como tamén a propia titularidade do nome comercial, e non do Concello de Cambre, como patrimonio de todos os veciños e veciñas**

### **Acceso á videoacta – 00:00:47 horas**

Comeza o señor alcalde cunha introdución, para conceder a palabra posteriormente ao concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, don Ramón Boga Moscoso, que foi durante a lexislatura pasada concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, continuando as intervencións nos termos establecidos no artigo 126 do Regulamento orgánico municipal.

## **2. Reprobación do alcalde e do concelleiro responsable de Patrimonio do Concello de Cambre**

### **Acceso á videoacta – 00:29:26 horas**

Tralo correspondente debate, polo presidente sométese a votación a petición de reprobación do alcalde e do concelleiro responsable de Patrimonio do Concello de Cambre, co seguinte resultado: Votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros,



don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e dona Patricia María Parceró Quiñoy).

O Pleno municipal, por once votos en contra, rexeitou a petición de reprobación do alcalde e do concelleiro responsable de Patrimonio.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

María Luisa de la Red Ampudia